

Figueres: Capital da comarca do Alt Empordá. Unha cidade dinámica polo seu comercio, que atrae a xente de todo o mundo por estar ubicado aquí o **Teatro-Museo Dalí**.



Cadaqués: Vila mariñeira ao pé do Pirineo e nunha pequena bahía. Dalí convertiuna nunha referencia universal das artes.



Outras poboacións a visitar: **Sant Feliu de Guíxols, Pals, Palamós, Ampuries...**

Girona: Cidade que conserva un patrimonio monumental excepcional, cun casco histórico no que a pedra antiga convive en perfecta harmonía cunha gran vitalidade humana.



O **día 20** deixaremos a Costa Brava para pernoctar en Logroño. E xa o **día 21** temos prevista a chegada a Samos sobre as 9,30 da tarde.

Os que se animen a participar deberán inscribirse antes do día 1 de marzo

Vacacións Convivencia para os Maiores na Costa Brava 14-21 de abril 2015



Itinerario

Xa choveu desde o ano 1989, cando organizamos as primeiras vacacións para os maiores en Dorrón (Sanxenxo). Desde entón, ano tras ano fomos percorrendo a Península Ibérica. Son experiencias bonitas nas que compartimos a ilusión e a admiración por tantas maravillas que descubrimos, nun clima de amizade, de humor e de alegría. Son momentos entrañables que nos axudan a cultivar e compartir o mellor de nós mesmos, e por iso resultan inolvidables.

Repasando o itinerario de todos estes anos, démonos conta que con respecto á costa, tan só nos queda por visitar a **Costa Brava**, que se encontra na provincia de **Girona**.

Este será o noso destino este ano.

Estas vacacións son, como sempre, para os maiores, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen.

Saída ás **8 da mañá** de Samos o día **14 de abril**. Pernoctaremos en **Logroño**. Pola tarde faremos unha visita a esta fermosa cidade.



O **día 15**, de ruta cara o noso destino, xantaremos e visitaremos o Pilar en **Zaragoza**.



Platja d'Aro un dos centros turísticos máis activos da Costa Brava. Aquí teremos a nosa residencia ata o día 20 no hotel **Planamar**



Desde aquí visitaremos os seguintes lugares de interés turístico e cultural da provincia de Girona: